

Servizo de Participación  
Cidadá

CONCELLERÍA DE  
PARTICIPACIÓN CIDADÁ E  
FESTAS

CONCELLO  
DE VIGO



Expediente 10305-320

### INFORME-PROPOSTA

Este informe-proposta redáctase de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), e os artigos 165.1, 172.1 e 175 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais.

#### I.- ANTECEDENTES

A empresa adxudicataria do contrato do servizo de mantemento dos sistemas de climatización dos Centros Municipais de Distrito (CMD) dependentes da unidade de Participación Cidadá (expte. 8796/320), no seu informe de seguimento do estado das instalacións, e en relación co Centro Municipal de Distritos de Teis (R/Maceiras s/n), fai constar que a parte do sistema de climatización que dá acondicionamento ao Auditorio (teatro) se atopa en situación de "fora de servizo", propoñendo a súa substitución.

#### II.- NECESIDADE E IDONEIDADE DA CONTRATACIÓN COA QUE SE PRETENDE DAR SATISFACCIÓN AOS ARTIGOS 1, 28 E 116 LCS.

##### **1.- Necesidade.**

Co presente contrato se trata de asegurar o adecuado funcionamento das instalacións municipais, garantindo a seguridade e confort das persoas usuarias nas ditas dependencias, polo que, de cara a acadar a optimización dos equipos e o axeitado rendemento enerxético dos mesmos, é preciso proceder á contratación do subministro e instalación dun novo equipamento de climatización, substituíndo a maquinaria situada na cuberta do auditorio por outra de similares características e dimensións.

As necesidades que se pretenden cubrir mediante o presente contrato son:

- Desinstalación do equipamento avariado.
- Subministro e instalación dun novo sistema de climatización que dea servizo ao Auditorio
- Posta en funcionamento e legalización.

##### **2. Idoneidade**

Estímase, en consecuencia que as necesidades ás que se pretende dar satisfacción mediante as devanditas prestacións e a súa relación co obxecto do contrato é directa, clara e proporcional polos motivos expostos, xustificándose suficientemente no expediente de conformidade co establecido no artigo 116 LCSP.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/04/2022 10:13	Páxina 1 de 3
Expediente/Documento 10305-320	CSV: ACA3AF-5FEA28-DDED88-MA3X7G-DR34VU-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de Participación  
Cidadá

CONCELLERÍA DE  
PARTICIPACIÓN CIDADÁ E  
FESTAS

CONCELLO  
DE VIGO



É polo que, atendendo ao exposto, e para o correcto funcionamento das instalacións de considérase necesario a tramitación do correspondente expediente de gasto para a contratación do subministro e instalación dun sistema de climatización no Auditorio do Centro Municipal de Distritos de Teis.

O presente contrato está previsto no Plan anual de contratación: non (non obstante, foi incluído na proposta da planificación da contratación do exercicio 2022, expte. Núm. 6652/241) A súa anualidade media non coincide coa do contrato vixente porque non se ten tramitado ningún outro procedemento aberto co mesmo obxecto que o deste expediente.

**III.-CUALIFICACIÓN DO CONTRATO.-** No referente á cualificación do contrato, polo seu obxecto, constitúe un contrato de subministros, dos previstos no artigo 16 da Lei 9/2017, de 8 novembro, de Contratos do Sector Público.

**IV.-FINALIDADE INSTITUCIONAL E COMPETENCIAS MUNICIPAIS-**

As entidades do sector público non poderán celebrar outros contratos que aqueles que sexan necesarios para o cumprimento e realización dos seus fins institucionais.

O artigo 165 do Real Decreto Legislativo 2568/1986, do 28 de novembro, de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico da Entidades Locais (ROF) dispón que os expedientes se iniciarán de oficio cando se trate de necesidades do servizo público.

O presente contrato resulta necesario para o exercicio de competencias propias previstas no art. 25.2.m) e 25.2.ñ) da Lei 7/1985 Reguladoras das bases de Réxime Local, na redacción dada pola Lei 27/2013.

De conformidade coa Disposición Adicional Segunda, apartado 4 da Lei de Contratos do Sector Público, nos Municipios de Gran Poboación as competencias do órgano de contratación exerceranse pola Xunta de Goberno Local, calquera que sexa o importe do contrato ou a duración do mesmo. En virtude da Resolución de acordo de delegación de competencias de data 18 de xuño de 2019 na cal acordouse a delegación do Alcalde na Xunta de Goberno Local e posterior acordo da Xunta de Goberno Local de data 20 xuño de 2019 delégase nos concelleiros delegados de Área a competencia para iniciar expedientes de contratación nas súas respectivas áreas de competencia. A maior abastanza, a resolución de 18 de xuño de 2019 de delegación de competencias, completada por Resolución de 26 xuño de 2019, e modificacións posteriores, establece na súa cláusula segunda apartado 5 as competencias en materia de Cultura, Emprego e Participación cidadá.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/04/2022 10:13	Páxina 2 de 3
Expediente/Documento 10305-320	CSV: ACA3AF-5FEA28-DDED88-MA3X7G-DR34VU-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de Participación  
Cidadá

CONCELLERÍA DE  
PARTICIPACIÓN CIDADÁ E  
FESTAS

CONCELLO  
DE VIGO



Expediente 10305-320

En base ao exposto e, de conformidade co art. 116.1 e D.Ad.2ª.4 da LCSP e coas delegacións de competencias adoptadas por resolucións de Alcaldía de delegacións competenciais de data 18/06/2019 e 26/06/2019 e posteriores modificacións, e acordos da Xunta de Goberno Local de datas 20/06/2019 e 04/07/2019, e posteriores modificacións, elévase á Concelleiro/a delegado/a de Participación Cidadá e Festas a seguinte:

### PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

Iniciar o expediente administrativo para a contratación da adquisición e instalación dun sistema de climatización para o Centro Municipal de Distritos de Teis.

rom

A xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local. Carla Candia Paz.  
Data e sinatura dixital.

### DECRETO

Vista a precedente proposta, RESOLVO de conformidade coa mesma.

O concelleiro delegado de Participación Cidadá e Festas. Pablo Luis Estévez Rodríguez  
Data e sinatura dixital.

O concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda. Jaime Aneiros Pereira

DOU FE, A Secretaria do Goberno Local. Por encomenda de funcións de 1/09/2021.  
Susana Gallardo Fariña Data e sinatura dixital.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/04/2022 10:13	Páxina 3 de 3
Expediente/Documento 10305-320	CSV: ACA3AF-5FEA28-DDED88-MA3X7G-DR34VU-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		